

8º RALLYMIX CONCELLO DE TOURO

NOTA ACLARATORIA

Dende a Escudería Touro Motor queremos comunicar que, aínda que inicialmente os recoñecementos estaban previstos para o sábado, tal e como se recollía no regulamento particular da proba, vémonos na obriga de trasladalos ao venres pola tarde, segundo se indicou no Complemento 1 publicado.

Esta decisión responde á necesidade de garantir unha mellor xestión da proba en caso de condicións meteorolóxicas adversas, xa que así disporíamos de tempo suficiente para realizar as reparacións necesarias no tramo entre os adestramentos e a primeira manga. Ademais, esta modificación permítenos organizar as catro pasadas dentro do horario de luz natural con maior marxe.

Somos conscientes dos posibles trastornos que este cambio puido causar aos equipos xa inscritos, polo que pedimos desculpas polas molestias ocasionadas. Así mesmo, ofrecémoslle a posibilidade a todos os equipos inscritos ata a data de hoxe de solicitar a devolución da súa inscrición a través do correo electrónico da escudería (escuderiatouromotor@gmail.com). Os equipos que desexen enviar a solicitude deberano facer antes das 23:00h do día de hoxe. Informamos tamén de que, unha vez solicitada a devolución, non se poderá formalizar unha nova inscrición para esta edición da proba.

Touro, 24 de abril de 2025